



Concello de Lugo

INFORME ECONÓMICO FINANCEIRO

Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Lugo

Art 168 Real Decreto Lexislativo 2/2004 Bases utilizadas nas estimacións de previsións de ingresos, así como a suficiencia dos créditos para a atención do cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación orzamentaria.

INTRODUCCIÓN

O Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece no seu artigo 168, a obriga de incluír no Orzamento da entidade local, un informe económico financeiro no que se expoñan as bases utilizadas para a valoración dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do Orzamento.

Esta mesma obriga establécese na disposición final primeira do Real Decreto Lei 7/2014 de 26 de decembro, de Medidas de Sostibilidade Financeira das Comunidades Autónomas e Entidades Locais e outras de carácter económico, que entrou en vigor o 31 de decembro de 2014, que modifica a Lei Reguladora das Facendas Locais, concretamente o artigo 168 que se refire ao procedemento de elaboración e aprobación inicial, engadindo como documentación esixible un anexo de beneficios fiscais e un anexo con información relativa aos convenios subscritos coas comunidades autónomas en materia de gasto social.

ORZAMENTO DE GASTOS

No estado de gastos do Proxecto de Orzamento para o exercicio 2026 consígnanse os créditos suficientes para atender ao cumprimento das obrigas esixibles e os gastos para o correcto funcionamento dos servizos, partindo da base dos datos aportados polos órganos responsables da xestión municipal e, segundo o establecido na orde EHA/3565/2008 de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, así como na Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a orde anterior.

Polo tanto, os estados de previsión de gastos do Orzamento municipal para o exercicio 2026, realizáronse segundo as seguintes consideracións asumidas polos órganos responsables da xestión municipal na estimación das previsións de gastos:

Estado de gastos:

-Estados de execución orzamentaria: estado de liquidación do Orzamento do exercicio 2024 e avance da liquidación do Orzamento do exercicio 2025.

Firmado por: ***393*** - MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ (FECHA: 2026-01-15 09:38:47.00)

CVD: cagV4Kj0a2l8vMBj7Lm

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

-Remisión de Propostas por parte dos distintos órganos xestores responsables da xestión municipal, relativas a programas específicos con incidencia cuantitativa nos estados de créditos orzamentarios.

-Estimacións e priorización dos programas de gasto realizadas en función das disponibilidades orzamentarias e respectando, na medida do posible, os límites establecidos na Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

-Estado de consignación de créditos do capítulo de persoal (capítulo 1) en base ás previsións remitidas polo servizo de Persoal, recollendo a obriga do artigo 38.3 da LEPG de recoller no estado de gastos todos os postos existentes na RPT.

-Gastos con Financiamento Afectado: comunicacións e estimacións de programas e convenios de cofinanciamento de investimentos e gastos ordinarios doutras administracións públicas.

-Estimación de cobertura orzamentaria suficiente para os gastos derivados de contratos vixentes de prestacións de servizos públicos e de concesionarios de servizos públicos, con aplicación de criterios de prudencia, xa que se establecen as consignacións orzamentarias polas contías máximas estimadas, sen prexuízo das eventuais baixas derivadas da licitación de novos contratos.

-Incremento do esforzo en materias de Seguridade, Servizos Sociais e Promoción Social, Medio Ambiente, Cultura, Deportes, Educación, priorizando políticas públicas de gasto vinculadas a alcanzar as condicións do estado de benestar dunha sociedade solidaria e avanzada. Por isto, continúaase de forma decidida por este Goberno coas políticas activas de fomento do emprego, así como as necesarias políticas sociais que axuden a paliar o lastre negativo das consecuencias do paro e da crise económica provocadas tanto pola COVID19 como pola alza dos custos enerxéticos a nivel mundial que ocasionou a guerra en Ucraína.

- A longo prazo, as contas previstas para o 2026 continúan o investimento en infraestruturas fundamentais como poden ser obras de renovación da rede de abastecemento e saneamento, humanizacións e peonalizacións, infraestruturas de aparcamento en zonas con acumulación de vehículos, o mantemento e mellora de infraestruturas deportivas, incluída unha importante remodelación sobre o estadio de atletismo, a mellora dos accesos á cidade e das comunicacións entre os diferentes barrios, o incremento de dotacións e servizos no rural, así como a diversificación e desenvolvemento empresarial para a xeración de emprego estable e de calidade no municipio co obxectivo de fixar poboación, e como non unha importante contía para o museo da romanización, agardando a implicación das restantes administracións con competencia na materia, en especial a Xunta de Galicia.



ORZAMENTO DE INGRESOS

- Estado de previsión de ingresos:

-Estado de execución orzamentaria: estado de liquidacións de dereitos recoñecidos brutos durante os tres primeiros trimestres do exercicio e a súa proxección a 31.12.2025.

-Estimacións con criterios de prudencia -en función das liquidacións coñecidas e a recadación acadada-respecto doutros ingresos non finalistas e tendo en conta as actualizacións de ordenanzas fiscais adoptadas a finais de 2025.

-Previsión de xestións conxuntas de cofinanciamento de investimentos con outras administracións públicas.

1.ESTIMACIÓN DE INGRESOS.

A elaboración do Orzamento de Ingresos se ten realizado, como non podía ser doutro xeito, tendo en conta as previsións de recoñecemento de dereitos e de recadación neta, sempre partindo como é aconsellable dunha aplicación preferente do principio de prudencia orzamentaria.

A diferenza de exercicios previos, cómpre sinalar tamén que, na data de elaboración do presente informe, consta comunicación oficial da Administración Estatal de cuantificación previsible das participacións na cesión dos tributos estatais e do Fondo complementario de financiamento, o que permite evitar estimacións arriscadas dun dos compoñentes máis importantes por volume dos recursos municipais.

Conceptos impositivos de titularidade municipal:

En primeiro lugar, convén resaltar que as previsións de ingresos **de natureza tributaria** baséanse nos estados contables e tendo en conta, con carácter xeral, a consolidación que se puido comprobar en 2025 da actualización de varias ordenanzas fiscais que tivo lugar a finais de 2024 (auga, saneamento, depuración, IBI) e o mantemento dos tipos impositivos e tarifarios restantes con carácter xeral.

Por tanto, tendo en conta o anterior, e coa salvedade do condicionamento do cumprimento da expectativa de mantemento da evolución das liquidacións de contraído directo ás do presente exercicio (altas en padrón ou matrículas), as previsións axústanse aos criterios que o estado actual da execución dos distintos conceptos tributarios amosa ata a data, coa salvedade citada.



Convén manter as labores de actualización e tramitación de expedientes liquidados en exercicios anteriores aos efectos de evitar a súa prescrición, sen prexuízo da incidencia orzamentaria que puideran ter as liquidacións de recargos legais aplicables ou das liquidacións complementarias derivadas das actividades de inspección tributaria, poñendo de manifesto obxectos impositivos que puideran estar ocultos e que, sen dúbida, contribuirán á efectiva aplicación do criterio de equidade tributaria no reparto das cargas entre todas as persoas usuarias.

A este respecto, aos efectos de cumprir a legalidade, e de favorecer esta equidade tributaria, no ano 2023 adxudicouse o contrato do servizo para a colaboración na inspección tributaria municipal, cuxa principal finalidade é a detección de unidades fiscais en situación de non tributación ou similar e, en consecuencia, a maior eficiencia na xestión dos tributos municipais.

Este contrato, que mantén a súa vixencia para 2026, abrangue calquera tarefa relativa ao apoio, execución e asistencia técnica, na inspección do Imposto sobre Actividades Económicas (IAE), taxa por aproveitamentos especiais a favor de empresas explotadoras de subministracións que afecten á xeneralidade ou unha parte importante da veciñanza, e Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO), así como outras figuras tributarias que se poidan poñer de manifesto na tramitación dos correspondentes expedientes inspectores.

Conceptos tributarios de natureza non impositiva e outros de titularidade municipal:

En relación ao capítulo de taxas e prezos públicos, mantense o criterio de contención nas estimacións de ingresos, en base ás proxeccións extraídas dos estados contables para fin de exercicio e os do peche de exercicios anteriores, tendo en conta que para 2026 non hai modificacións salientables, máis aló da consolidación das modificadas para o exercicio previo. Isto fai que non existan grandes diferenzas con respecto ao exercicio previo.

Transferencias correntes e de capital que proveñen doutras administracións públicas:

Pola súa banda, respecto das previsións de ingresos de **transferencias correntes**, cómpre analizar, pola súa relevancia cuantitativa, as estimacións da **Participación nos Ingresos do Estado** en primeiro lugar.

Como xa se sinalou, este exercicio consta unha comunicación oficial de 17.11.2025 da Administración Estatal que recolle a estimación da participación nos tributos estatais cedidos e do Fondo complementario de Financiamento, polo que se empregan estas cifras, evitando ter que realizar previsións máis arriscadas netes conceptos que supoñen un volume importante de recursos.

En canto á Participación nos tributos da Comunidade Autónoma, aplícanse criterios de



Concello de Lugo

homoxeneidade, á espera da definitiva cuantificación do que correspondería ao municipio de Lugo. É certo que tamén se anunciou unha pequena suba deste instrumento por parte da Xunta de Galicia, aumento do 4,5% nos fondos destinados a municipios e un 12% no fondo de cooperación local, pero descoñécese ata a data a incidencia individualizada. Mantéñense as estimacións das transferencias da Xunta de Galicia en materia de servizos sociais, políticas de igualdade, educación, escolas infantís, emprego, etc., que se perciben recorrentemente cada ano, en base ás expectativas e ao acontecido en 2025.

O resto de previsións de subvencións e transferencias correntes, correspóndense coas previsións contrastadas e achegadas polos responsables das distintas áreas xestoras, tendo en conta que, con carácter xeral e, en aplicación da regulación contida nas Bases de Execución, aféctanse ao gasto finalista ao obxecto de non dispoñer do crédito orzamentario en tanto non se formalice o compromiso firme de achega e condicionando a dispoñibilidade do gasto e, polo tanto, a execución das aplicacións de gasto obxecto do financiamento afectado, á correspondente acreditación de tales compromisos firmes de achega. Todo isto, sen prexuízo das transferencias de natureza reiterada e periódica, cuxa efectiva realización vense plasmando nas liquidacións dos últimos exercicios.

No **Anexo de Investimentos**, acompañanse as previsións de financiamento derivado de transferencias ou subvencións de capital doutras administracións, tendo a consideración de gastos con financiamento afectado e, polo tanto, a súa execución ao longo do exercicio, queda condicionada, na parte financiada con tales recursos, á súa efectividade verificada pola entrega efectiva dos recursos financeiros ou polo compromiso firme de achega. O mencionado tamén resulta aplicable aos créditos de investimento financiados con operacións de endebedamento.

Operacións financeiras a longo prazo

Prevese a concertación dunha operación de endebedamento financeiro, por importe de 17.858.000,00 euros; xúntase ao expediente informe da Tesourería Municipal do 14.01.2026, referente aos cálculos efectuados de acordo co disposto na normativa aplicable, artigo 48.bis do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e Resolución do 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais, actualizada pola Resolución de 08 de xaneiro de 2026 da SG del Tesoro y Financiación Internacional.

Todo isto sen prexuízo da posible modificación das previsións iniciais de ingresos do Orzamento municipal do exercicio 2026 para substituír total ou parcialmente a operación de crédito sinalada por importe de 17.858.000,00 euros, destinada ao financiamento dos investimentos consignados no estado de gastos no Anexo de Investimentos, de ser o caso, polos recursos propios que resulten do Remanente de Tesourería dispoñible para gastos xerais do exercicio 2026, tras a aprobación da liquidación do orzamento do ano anterior.



MURALLA
patrimonio da humanidade

Sinalar que o mantemento do nivel do gasto no proxecto de Orzamentos para o 2026 se leva a cabo de acordo co marco de dispoñibilidade de recursos que definen unha previsión prudente e realista dos ingresos, e sempre considerando o cumprimento do marco legal actual. Neste aspecto cómpre salientar a solvente posición económica do Concello que continúa cun axustado nivel de endebedamento, o que permitirá que se poida, chegado o caso, concertar a operación prevista, manténdoa, aínda así, por baixo dos límites prudentes e por suposto dos legais.

A clasificación económica dos ingresos contidos no presente proxecto e a súa variación con respecto a 2025 en termos absolutos e relativos é a seguinte:

INGRESOS

CAPÍTULO	ANO 2025	ANO 2026	VARIACIÓN 2026-2025	% VARIAC.
1- Impostos directos	43.914.845,85	43.843.700,00	-71.145,85	-0,16%
2- Impostos indirectos	5.788.034,68	5.668.190,00	-119.844,68	-2,07%
3- Taxas, Prezos Públicos e outros ingresos	26.700.170,00	26.733.215,43	33.045,43	0,12%
4- Transferencias correntes	34.622.764,33	36.247.677,48	1.624.913,15	4,69%
5- Ingresos patrimoniais	633.500,00	633.500,00	0,00	0,00%
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	111.659.314,86	113.126.282,91	1.466.968,05	1,31%
6- Alleamentos de Investimentos Reais	0,00	0,00	0,00	0,00%
7- Transferencias de capital	500.000,00	550.000,00	50.000,00	10,00%
TOTAL OPERACIÓNS CAPITAL	500.000,00	550.000,00	50.000,00	10,00%
8- Activos Financeiros	100.000,00	100.000,00	0,00	0,00%
9- Pasivos Financeiros	8.860.000,00	18.169.979,00	9.309.979,00	105,08%
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	8.960.000,00	18.269.979,00	9.309.979,00	103,91%
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	121.119.314,86	131.946.261,91	10.826.947,05	8,94%

2. ESTIMACIÓN DE GASTOS.

En relación aos gastos deben destacarse as seguintes consideracións:

- Gastos de persoal

O capítulo 1 de persoal, ascendente a 38.502.079,72 € (29,18%% do Orzamento de gastos) ten como finalidade a de recoller as consignacións orzamentarias acorde coas previsións retributivas totais consideradas no Orzamento Xeral da Corporación para o ano 2026, recollendo un incremento relativo dun 1,94%, motivado pola previsión do incremento de retribucións e de cotizacións á Seguridade Social do 1,5% sobre as retribucións definitivas de 2025 (xa incrementadas nun 2,5% sobre 2024), atendendo ao disposto no Real Decreto-lei 14/2025, do 2 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de



Concello de Lugo

retribucións no ámbito do sector público e o acordo Marco de mellora das condicións laborais e salariais 2026-2028 , así como o cumprimento estrito do disposto no artigo 38.3 da LEPL, e finalmente as previsións dos distintos servizos sobre a necesidade de persoal temporal, funcionario e laboral, vencellado ou non a financiamento alleo.

A tales efectos, xúntase ao expediente o cadro de persoal confeccionado polo departamento de Persoal, isto é, o Anexo de Persoal de persoal funcionario e laboral, procedéndose por este Servizo á inclusión nos estados de consignación do proxecto de Orzamento 2026 dos créditos nas diversas aplicacións orzamentarias.

- Gastos en bens correntes e servizos ordinarios de carácter recorrente

O capítulo 2 do Orzamento, ascendente a 66.149.221,87 € (50,13% do Orzamento de gastos) ten por obxectivo a cuantificación dos créditos para a atención de operacións correntes referidas a servizos básicos, manténdose o criterio de control e suficiencia coa finalidade de asegurar o crédito necesario para a cobertura orzamentaria das obrigas económicas derivadas da prestación de tales servizos polos respectivos adxudicatarios.

Neste capítulo, destacan, pola súa importancia, os contratos de subministracións diversas de electricidade, gas, etc, e prestacións de servizos diversos, no que salientan, pola súa importancia económica e social os relativos ao Sistema de Recollida de Residuos (fracción resto, fracción orgánica e fraccións selectivas), Xestión do punto limpo municipal e Limpeza viaria no Concello de Lugo; recollida, transporte, tratamento e eliminación de residuos; mantemento e conservación das vías públicas e zonas verdes; mantemento de alumado público; limpeza de edificios municipais; mantemento de equipos e aplicacións informáticas; colaboración coa recadación municipal e inspección tributaria, e aqueles relacionados coas diversas prestacións no ámbito das políticas sociais, en particular o Servizo de Axuda no Fogar e Xantar no Fogar e, por último pero non menos importantes, os relacionados coa actividade educativa, como é o servizo de apoio ao comedor nos CEIPS, xestión das escolas infantís, a actividade cultural, rede museística e promoción da saúde e o deporte. Esta lista non é exclusiva nin excluínte, xa que o número de actividades e servizos que presta o Concello é moi amplo.

Como xa se ten significado en diversas ocasións, é obxectivo do Concello de Lugo a contención do gasto que representa este capítulo, sen que isto obste para a regularización daquelas contratacións que se atopan sen cobertura xurídica.

Como se sinalou no exercicio previo, para paliar a incidencia orzamentaria derivada do incremento do prezo da subministración eléctrica de media tensión e baixa tensión, malia a posta en funcionamento das medidas de eficiencia enerxética levadas a cabo no exercicio 2022 nos diferentes edificios de titularidade municipal, o Concello de Lugo adheriuse á Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), a través de acordo marco para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión.



MURALLA
patrimonio da humanidade

No ano 2024, a través de acordo da Xunta de Goberno Local de 18.09.2024, adxudicouse un contrato baseado no citado acordo marco para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión do Concello de Lugo á empresa IBERDROLA CLIENTES, S.A.U., con CIF A95758389, que foi prorrogado en 2025.

Para conseguir un aforro similar, foi tamén adxudicado pola xunta de goberno local o 22.10.2025 un contrato baseado no acordo marco para a subministración de gas natural ao Concello de Lugo á empresa GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., A61797536, agardando un resultado similar que se comezará a manifestar durante este exercicio 2026.

- Gastos financeiros

En canto ao **capítulo 3, de gastos financeiros** (0,39% do Orzamento de gastos), recolle os xuros derivados de expedientes de recadación ou administrativos doutras administracións públicas ou derivadas de execución de sentenzas, así como a previsión dos que corresponden ás operacións de crédito subscritas en 2024 e 2025, así como a prevista para 2026. Consígnase un importe prudente en función da disposición gradual que se veu realizando do montante das citadas operacións ata a data.

- Transferencias correntes

Cómpre manifestar o compromiso acadado coas distintas asociacións, clubs e demais entidades, do mantemento do esforzo orzamentario para colaborar e promocionar as actividades de índole cultural, social, deportivas e, en xeral, fomentadoras da conciencia veciñal e participativa.

A realidade é que as actividades que cofinancia a administración non serían cuantificables, facéndose inasumibles, de realizarse con medios propios, dado o alto grao de asociacionismo de Lugo, a súa especialización e oferta cultural, deportiva ou social.

Este capítulo 4, ascendente a 6.425.420,89 €, representa un 4,87% do Orzamento de gastos e aumenta nun 2,87% con respecto a 2025. En xeral, o criterio empregado para a orzamentación deste capítulo ten sido o de consolidar todas as achegas destinadas a financiar gastos que realiza o Concello sen unha contraprestación directa, xestionados por todos os departamentos e que se materializan a través de distintos convenios e subvencións en ámbitos e colectivos moi diversos. O valor engadido e o retorno social que proporcionan as actividades desenvolvidas polos beneficiarios destes convenios e subvencións está fóra de toda dúbida. Destacan, pola súa importancia económica, as achegas para compensar o importe do prezo do billete de transporte urbano, que supoñen 2.750.279,00 €, e un 42,80% do total.

- Investimentos reais



Concello de Lugo

Neste capítulo, ascendente a 17.710.176,08 €, o que representa un 13,42% do Orzamento, recóllense con criterios de consolidación respecto de exercicios anteriores, as previsións orzamentarias sinaladas no Anexo de Investimentos do Orzamento, cunha clara vocación de propiciar e favorecer a distribución equitativa dos recursos públicos municipais na atención aos diferentes barrios e parroquias do concello.

Este capítulo contén os créditos destinados á realización de investimentos destinados, basicamente, ao funcionamento dos servizos públicos que presta esta entidade e aqueles asociados ás infraestruturas da cidade, sen esquecer ningunha das áreas municipais. O importe reflectido incide de forma particular nos investimentos dirixidos, moi especialmente, á reactivación da economía mediante a innovación, a sustentabilidade e as novas tecnoloxías, como a dotación para 2026 da achega municipal á estratexia LugoNorte xunto coas expropiacións de terreos precisas para poder desenvolve-la, as obras de renovación de redes de abastecemento e saneamento, as humanizacións e peonalizacións urbanas, o mantemento e mellora de infraestruturas deportivas, con especial incidencia no estadio de atletismo, a mellora dos accesos á cidade e das comunicacións entre os diferentes barrios, o incremento de dotacións e servizos no rural, así como a diversificación e desenvolvemento empresarial, sempre dentro dos eixes, liñas de actuación e obxectivos, incluídos no Plan de Acción da Axenda Urbana Lugo 2030. Finalmente, con especial incidencia nesta anualidade pola súa contía, recóllese una importante dotación para o museo da romanización, agardando a a implicación das demais administracións afectadas, especialmente as que teñen competencia na materia, como a Xunta de Galicia.

- Transferencias de capital

Este capítulo, ascendente a 1.648.218,35 €, o que representa un 1,25% do Orzamento de Gastos, supón un especial esforzo económico para o Concello de Lugo, reflectíndose os compromisos municipais nos convenios asinados coa Sociedade Mercantil Estatal Aguas de las Cuencas del Norte, correspondentes ás actuacións de “Abastecemento de auga a Lugo” 1ª Fase, 2ª Fase, “Ampliación do Sistema de Abastecemento de auga a Lugo” e “Colectores Xerais do río Miño en Lugo. Tramo N-VI, 2ª fase”, para a modernización e axeitado dimensionamento da rede pública, así como subvencións de capital nas áreas de Medio Ambiente, Benestar Social, e finalmente achegas para convenios asinados en materia de Transporte (intermodal), e coa Confederación Hidrográfica.

- Activos financeiros

Inclúese o importe de 500.000,00 € correspondente a un compromiso de gasto a favor de LUGO TRANSFORMA, como promotor do Fondo de capital risco participado polo Concello de Lugo. O resto do capítulo, 100.000,00 € corresponde a anticipos reintegrables ao persoal.



MURALLA
patrimonio da humanidade

- Pasivos financeiros

Inclúese no Orzamento a posibilidade da formalización dunha operación financeira por importe de 17.858.000,00 euros de principal, coas características que se definirán no seu caso na licitación, aínda que para a estimación a realizar pola Tesourería se conservan as do exercicio previo, sen prexuízo da posible modificación das previsións iniciais de ingresos do Orzamento municipal 2026, para substituír total ou parcialmente a operación de crédito sinalada polos recursos propios que resulten do Remanente de Tesourería para gastos xerais do exercicio 2025.

Para o caso das operacións vixentes, de 2024 e 2025, resultando que se pactaron con 2 anos de carencia e foi asinada a primeira o 31.05.2024, con amortización anual, non se requirirán importes en concepto de amortización no capítulo 9 de gastos nesta anualidade, máis aló das extraordinarias que se podan realizar, como en 2025, en aplicación da normativa de estabilidade orzamentaria aplicando no seu caso o superávit da liquidación do orzamento do exercicio previo.

A clasificación económica dos gastos contidos no presente proxecto e a súa variación con respecto a 2025 en termos absolutos e relativos é a seguinte:

GASTOS

CAPÍTULO	ANO 2025	ANO 2026	VARIACIÓN 2026-2025	% VARIAC.
1-Gastos de Persoal	37.769.342,58	38.502.079,72	732.737,14	1,94%
2- Compras e B. Correntes	63.452.563,16	66.149.221,87	2.696.086,02	4,25%
3-Gastos Financeiros	380.000,00	511.145,00	131.145,00	34,51%
4-Transferenc.correntes	6.246.648,06	6.425.420,89	179.345,52	2,87%
5-Gastos patrimoniais	400.000,00	400.000,00	0,00	0,00%
TOTAL OP. CORRENTES	108.248.553,80	111.987.867,48	3.739.313,68	3,45%
6-Investmentos reais	9.095.945,06	17.710.176,08	8.614.231,02	94,70%
7- Transferencias de capital	874.816,00	1.648.218,35	773.402,35	88,41%
TOTAL OP. CAPITAL	9.970.761,06	19.358.394,43	9.387.633,37	94,15%
8- Activos financeiros	2.900.000,00	600.000,00	-2.300.000,00	-79,31%
9-Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00%
TOTAL OP. FINANCEIRAS	2.900.000,00	600.000,00	-2.300.000,00	-79,31%
TOTAL ORZAMENTO GASTOS	121.119.314,86	131.946.261,91	10.826.947,05	8,94%

O Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Lugo, Miguel Fernández Méndez

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe